

28 de abril de 2006 / Nº 4

Axudas da Consellería de Innovación e Industria

Recentemente, a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia ven de publicar no Diario Oficial de Galicia as bases para a concesión de axudas a diferentes sectores, coma o artesanal, o comercio e para o desenvolvemento da sociedade de información.



SECTOR COMERCIO – ADECUACIÓN DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS

Beneficiarios

Comerciantes retalistas, ben sexan persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís e comunidades de bens que:

- Desenvolvan a súa actividade en establecementos comerciais ou no comercio ambulante no territorio galego.
- A súa actividade principal estea incluída nalgunha das agrupacións ou epígrafes sinalados na convocatoria.
- Non superen os 10 traballadores.
- Os seus locais comerciais non superen os 300 m² de superficie comercial destinada a exposición e venda ó público.

Requisitos principais

Establécese unha **contía mínima de investimento** subvencionable de **1.000 euros**, IVE excluído. O **investimento máximo** subvencionable será de **12.000 euros**, salvo no caso de deseño de sistemas de venda non presenciais e páxinas web, que será de 3.000 euros, IVE excluído.

Algunhas das accións subvencionables

- **Equipamentos para o proceso de información** destinados a aplicacións de contabilidade, facturación, almacén e automatización das vendas (ordenadores persoais de sobremesa, servidores, impresoras, equipos multifunción, scanners e similares).
- **Aplicacións informáticas** de carácter xenérico ou estándar destinadas ós fins sinalados.
- Deseño e implantación de sistemas de venda non presenciais (comercio electrónico).
- **Páxinas web** promocionais e equipamentos portátiles (ordenadores, axendas electrónicas, PDA e similares).
- Caixas rexistradoras, terminais de punto de venda e lectores ópticos.
- Sistemas de **etiquetaxe, alarma** e equipamentos anti-furto incorporados ó produto.
- Fotocopiadoras e aparellos de teléfono e fax.

O destino das axudas obxecto da convocatoria serán os **investimentos que se realicen dende o 1 de xaneiro ata o 2 de outubro de 2006**.

Contía das axudas

- A **contía máxima de subvención será do 40%** do investimento, IVE excluído, non obstante, poderá alcanzar ó 50%, IVE excluído, no caso de estar incorporado a un proxecto dunha ou varias agrupacións de comerciantes.
- O importe das axudas e subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas, supere o 70% do investimento subvencionable.

Prazo de presentación das solicitudes 15 de maio de 2006

DOG 27 de marzo de 2006

Convoca: Consellería de Innovación e Industria

Sumario:

02 Axudas e Subvencións

03 Axudas e Subvencións

04 Calendario Fiscal

05 Normativa

06 Consultorio Xurídico

07 Calendario de Feiras

08 Zona CEO

Axudas e Subvencións



SECTOR ARTESANAL GALEGO

Beneficiarios

- **Artesáns e obradoiros artesanais** que estean establecidos na CC.AA. de Galicia e inscritos como artesáns no rexistro de artesanía de Galicia no momento da solicitude.
- As **asociacións artesanais profesionais** que contén con máis de vinte artesáns inscritos no rexistro xeral de artesanía de Galicia.

Algunhas das accións subvencionables

- Proxectos de **Innovación no proceso productivo**:
 - Adquisición en réxime de propiedade de maquinaria, ferramentas e equipo auxiliar propio do exercicio dunha actividade artesanal.
 - Equipos para procesos de informatización.
- Proxectos que se destinen a **divulgar e promover produtos artesanais**: deseño de imaxes corporativas, logotipos, catálogos...
- Participación como expositor con **caseta propia en feiras de carácter profesional**.
- Proxectos que teñan coma finalidade mellorar e **potenciar producións artesanais tradicionais** (forxa, afiado, cestería, etc); mellorar a **comercialización dos produtos** artesanais ou achegar ás novas xeracións as actividades artesanais.
- Accións que desenvolvan **asociacións profesionais artesanais** que se destinen a levar a cabo accións conxuntas de distribución e comercialización.



Contía das axudas

Con carácter xeral, as axudas **non poderán superar o 55% do investimento subvencionable** nos casos de actuacións subvencionables que non teñan establecido outro límite específico. Nos demais casos respetaránse os límites específicos para cada acción.

Prazo de presentación das solicitudes 15 de maio de 2006

DOG 27 de marzo de 2006

Convoca: Consellería de Innovación e Industria

MELLORA DE ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL

Beneficiarios

Os **propietarios de inmobles dedicados a turismo rural** ou as persoas físicas ou xurídicas que, sen ser propietarios, xestionen o establecemento coa debida autorización da administración turística.

Algúns dos requisitos

- * Os proxectos subvencionados que impliquen obras serán de **rehabilitación ou restauración**, mantendo e recuperando a memoria histórica do inmoble e o seu contorno, cumprindo unha serie de condicións que se especifican na orde.
- * As **construcións ex novo** que se formulen serán subvencionables, sempre que estean vencelladas a servizos complementarios do establecemento, ou de mellora dos existentes.

Contía das axudas

- * Subvencións a fondo perdido
- * **Máximo de axuda de ata o 20%** do orzamento do investimento subvencionable; que se incrementará en 5 puntos porcentuais se o proxecto leva consigo a creación de comedor para o establecemento.
- * Engadiranse **6.100 euros por cada posto de traballo** a crear indefinido que supere a porcentaxe mínima da contratación estable esixida nesta orde.
- * En ningún caso o importe da subvención concedida poderá superar o 40% do investimento subvencionable.

Prazo de presentación das solicitudes 20 de maio de 2006

DOG 19 de abril de 2006

Convoca: Consellería de Innovación e Industria

Axudas e Subvencións

ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN E FORMACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Beneficiarios

As **fundacións, asociacións** e outras entidades de carácter público, semipúblico ou privado, **sen ánimo de lucro** validamente constituídas.

Accións Subvencionables

A.- Actuacións de promoción e difusión da sociedade da información

- Á organización e celebración de eventos neste ámbito: xornadas, conferencias, ou congresos de profesionais especializados, que teñan por obxecto a promoción e difusión de materias relacionadas coas infraestruturas e servizos de telecomunicacións e as tecnoloxías da información.

B.- Actuacións formativas especializadas no ámbito das TIC

- Actuacións orientadas a satisfacer as necesidades formativas específicas das persoas que desenvolvan ou vaian desenvolver a súa actividade profesional no sector das TIC, entendéndose por tal toda actividade económica relacionadas coa electrónica, a informática, o tratamento da información, as telecomunicacións e os servizos de valor engadido sobre os anteriores.



C.- Actuacións formativas dirixidas ás pemes

- C1.- As actuacións orientadas a proporcionar ós traballadores coñecemento sobre o uso e manexo das novas tecnoloxías, que os capaciten para un mellor desempeño do seu posto de traballo actual ou futuro, de xeito que mellore a empregabilidade do traballador.

Nos tres casos anteriores, as axudas poderán **aplicarse ós seguintes conceptos:**

- Gastos de difusión.
 - Gastos asociados aos relatores.
 - Gastos asociados á organización do evento tales como alugamento de locais e/ou mobiliario, limpeza e seguridade.
 - Outros gastos suplementarios directamente derivados da actuación.
- C2.- A dotación de centros de formación, sempre que o beneficiario dispoña dun local axeitado para a instalación e posta en marcha do centro. Estas axudas destinaranse a cubrir os gastos relativos ós conceptos de adquisición do equipamento tecnolóxico necesario para o centro de formación que contará ó remate da súa implantación cunha dotación de medios mínima, especificada na orde.

Contías das axudas

Poderán acadar, unha **contía máxima do 70%** do investimento subvencionable para cada proxecto, cun **límite de 60.000 euros** de subvención.

Prazo de presentación das solicitudes 16 de maio de 2006. Formularios dispoñibles en <http://www.xunta.es/conselle/in/> (Oficina Virtual Procedemento IN521B)

DOG 6 de abril de 2006

Convoca: Consellería de Innovación e Industria

Calendario Fiscal

Calendario Fiscal

Ata o día 7

IMPOSTOS ESPECIAIS

	Modelos
- Maio 2006. Tódalas empresas	511
- Abril 2006. Grandes empresas (*)	553,554,555,556,557,558
- Abril 2006. Tódalas empresas	570,580
(*) Os operadores rexistrados e non rexistrados, representantes fiscais e receptores autorizados (Grandes empresas), utilizaran para tódolos impostos o modelo.	
	510

XUÑO 2006

L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

Ata o día 20

RENDA E SOCIEDADES

Retencións e ingresos a conta de rendementos do traballo, actividades profesionais, agrícolas, gandeiras e forestais, premios e determinadas imputacións da renda, ganancias de transmisións ou reembolsos de accións e participacións das institucións de inversión colectiva, e rendas de arrendamento de inmobles urbanos e capital mobiliario.

	Modelos
- Maio 2006, Grandes empresas	111,115, 117, 123, 124, 126, 128

IVE

- Maio 2006, Grandes empresas	320
- Maio 2006, Exportadores e outros Operadores Económicos	330
- Maio 2006, Grandes empresas inscritas no Rexistro de Exportadores e outros Operadores Económicos	332
- Maio 2006, Operacións asimiladas as importacións	380

IMPOSTOS SOBRE AS PRIMAS DOS SEGUROS

- Maio 2006	430
-------------	-----

IMPOSTOS ESPECIAIS

- Marzo 2006, Grandes Empresas	561, 562, 563
- Maio 2006. Tódalas empresas	564, 566
- Maio 2006, Imposto sobre a electricidade. Grandes empresas	560

Ata o día 30

IMPOSTOS ESPECIAIS

	Modelos
- Declaración anual 2005	D-100, D-101, D-714
- Réxime especial de tributación polo Imposto sobre a Renda de non Residentes 2005	
- Confirmación do borrador da declaración da Renda 2005	150



Normativa

Principais normativas publicadas nos distintos boletíns oficiais (provincial, rexional e estatal) sobre medidas de interese para determinadas actividades económicas ou colectivos empresariais.

Lei 11/2005, do 15 de decembro do **Estatuto do Consumidor**. (BOE 23/02/06)

Real Decreto 200/2006, do 17 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 625/1985, do 2 de abril, que desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de **protección por desemprego**. (BOE 03/03/06)

Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os **riscos relacionados coa exposición ó ruído**. (BOE 11/03/06) (Corrección de erros BOE 24/03/06)

Resolución do 17 de marzo de 2006, da Subsecretaría, pola que se dá publicidade ó Acordo do Consello de Ministros do 3 de marzo de 2006, sobre **implantación das medidas para favorecer a igualdade entre mulleres e homes** aprobada polo Consello de Ministros o 4 de marzo de 2005. (BOE 18/03/06)

Lei 3/2006, de 29 de marzo, de modificación da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do **Imposto sobre o Valor Engadido**, para adecuar a aplicación da regra de prorrata á Sexta Directiva europea. (BOE 30/03/06)

Resolución de 11 de abril de 2006, da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sobre o **Libro de Visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social**. (BOE 19/04/06) (Corrección de erros BOE 26/04/06).

Convenios Colectivos

Rematantes, aserradoiros e preparados industriais da madeira. (BOP 17/02/06)

Perfumería e afíns. (BOE 17/02/06). RS*

XIV Convenio Colectivo Xeral da **Industria Química**. (BOE 17/02/06). RS*

Acordo nacional da construción 200306. (BOE 17/02/06). RS*

Materiais para a construción e saneamento de Ourense. (BOP 20/02/06)

Aparcadoiros e garaxes de vehículos de Galicia. (DOG 07/03/06)

Estacións de Servicio. (BOE 10/03/06)

Construción da provincia de Ourense. (BOP 14/03/06). RS*

Comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense. (BOP 15/03/06)

Tostadores de café e sucedáneos. (BOP 15/03/06)

Acta **comercio de pel** de Ourense. (BOP 15/03/06)

Sanidade privada da provincia de Ourense para os anos 2006-2007. (BOP 04/04/06)

Fabricantes de **mobles, carpintería, tapicería e ebanistería** de Ourense para o ano 2006. (BOP 07/04/06)

Industrias **cárnicas**. (BOE 15/04/06)

Industria téxtil e da confección. (BOE 15/04/06)

Transportes de **mercancías por estrada** da provincia de Ourense. (BOP 21/04/06)

***RS: revisión salarial**



Teño unha empresa téxtil e vou cumprir 60 anos. Gustaríame poder ceder a empresa ós meus fillos para que eles manteñan a actividade ¿Existe algún tipo de beneficios fiscais?

No caso de empresas familiares estableceuse hai uns anos beneficios fiscais que **reducen a factura fiscal** no caso de doazón entre familiares. Para poder aplicar a redución do 99% que se establece na normativa reguladora do Imposto de Sucesións e Doazóns é necesario que o donante teña 65 ou máis anos, ou se atopase en situación de incapacidade permanente, en grao de absoluta ou gran invalidez, que a súa principal fonte de renda proveña da empresa e se viña exercendo funcións de dirección, deixar de exercelas. Se se realiza a doazón sen atoparse **nalgún destes supostos** non terá dereito á redución.

¿Cando se considera un accidente dun traballador autónomo coma accidente laboral?

Dende hai dous anos esténdese a protección en materia de accidentes de traballo ós traballadores autónomos. Esta **protección é voluntaria**, polo tanto hai que acollerse a ela, e ademais non se vai outorgar nas mesmas condicións ca no caso dos traballadores por conta allea. Neste sentido, a **definición que se dá ós accidentes de traballo** na normativa do Réxime Especial dos Traballadores Autónomos é máis restrictiva que a que se recolle para traballadores por conta allea. Así, podemos atopar casos considerados laborais no Réxime Xeral, que non terán esta consideración no caso de traballadores por conta allea.

Enténdese por accidente laboral do traballador autónomo o ocorrido coma **consecuencia directa e inmediata** do traballo que realiza pola súa propia conta e que determina a súa inclusión no campo de aplicación do réxime especial. Os traballadores por conta propia van ter que acreditar que o accidente sucedeu no lugar de traballo e durante a xornada laboral (circunstancia que se presume no caso dos traballadores por conta allea).

Vanse considerar accidentes de traballo as lesións que sufra o traballador durante o tempo e no lugar do traballo cando se probe a conexión có traballo realizado por conta propia; ou as enfermidades que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo. Por tanto, quedan **excluídos os accidentes in itinere**, é dicir, aqueles que se producen ó ir ou voltar do lugar de traballo.

Teño unha tenda de alimentos e bebidas e tributo por ela en estimación obxectiva. O mes que ven vanme practicar unha operación cirúrxica pola que estarei de baixa de xeito temporal. ¿Cómo tributará a prestación que reciba na miña declaración da renda?

Segundo a orde de módulos, a partir do 1 de xaneiro, as prestacións percibidas da Seguridade Social por **incapacidade temporal** por parte dos titulares de actividades económicas tributarán como rendas de traballo.

Polo tanto, segundo se recolle no artigo 16.2 de TRLIRPF, o consultante tributará polas prestacións provenientes da Seguridade Social.

Se desexa enviar as súas consultas a esta sección, pode facelo a través da dirección:

juridico@ceo.es

Calendario de Feiras



IMAXE: Salón da Perruquería e da Estética. Do 6 ó 7 de mayo. Ourense.
www.expourense.org



QUALIMETRICS: Feira da Calidade, Calibración, Metroloxía e Instrumentación. Do 24 ó 26 de maio. Valencia. www.feriavalencia.com



DOMOGAR: Feira da Domótica e o Fogar Dixital. Do 24 ó 27 de maio. Valencia.
www.interdomo.org



SALÓN DO TUNNING E DA AUTOMOCIÓN. Do 2 ó 4 de xuño. Ourense.
www.expourense.org



TEM / TECMA: Feria Internacional do Urbanismo e Medio Ambiente. Do 13 ó 16 de xuño. Madrid. www.tecma.ifema.es



SALIMAT: Salón de Alimentación do Atlántico. Do 14 ó 18 de xuño. Silleda.
www.feira-galicia.com



SEMANA VERDE DE GALICIA: Feira Internacional Gandeira, de Maquinaria Agrícola, Forestal e Hortofloral. Do 14 ó 18 de xuño. Silleda. Feira Internacional de Galicia.
www.feira-galicia.com



EXPORTA: Feira Internacional de Servizos ó Exportador. Do 20 ó 21 de xuño. Madrid.
www.exporta.ifema.es



SICO: Salón Internacional da Construcción. Do 20 ó 21 de xuño. Vigo. www.aproin.com



BREAD & BUTTER (2ª edición): Denim, Sport, Casual & Urban Wear. Do 5 ó 7 de xullo. Barcelona. www.breadandbutter.com



FEIRA INTERNACIONAL DE MOSTRAS DO NOROESTE: Industria, Servizos, Automóbiles, Camións, Mobles, Decoración e Fogar, Alimentación, Artesanía... Do 11 ó 16 de xullo. Ferrol. www.fimo-ferrol.org

Zona CEO



A visita a Xuntoira centrará a próxima actividade de CEOTOP



Programa	CEOTOP 2006
Empresa	Xuntoira Mobiliario de Cociña S.L.
Situación	Barrende, Vilardevós (Verín)
Área de análise	Optimización da loxística en áreas periféricas
Data	Xoves, 25 de maio de 2006

O proxecto **CEOTOP, iniciativa de benchmarking** que analiza as prácticas das compañías máis relevantes en distintos sectores, continuará no mes de maio a serie de visitas acudindo á fábrica de mobles Xuntoira. Emprazada nun pequeno pobo de Vilardevós (Verín) esta empresa ourensá atópase á cabeza a nivel nacional na industria auxiliar de mobles de cociña, destacando coma exemplo na xeración de emprego no medio rural no que está situada.

Na segunda quincena do mes de maio terá lugar a visita á fábrica de Xuntoira, onde a **Optimización da Loxística en Áreas Periféricas** será o principal tema de análise nesta nova visita de CEOTOP, programa que comezou no mes de xaneiro aínda que conta xa cunha ampla traxectoria de edicións anteriores. Neste ano 2006, as visitas realizadas no marco desta iniciativa centráronse nas enerxías renovables, co **Parque Eólico de Sotavento** coma protagonista, e nas novas tecnoloxías, visitando a empresa **TLR Soft**, líder en software de comunicación. Nos vindeiros meses, CEOTOP continuará con esta serie de encontros da man de empresas punteiras coma **Inditex, Eurolatón, Ignacio de las Cuevas ou IBM**.

Caixanova, Deputación e Fundación CEO colaboran na organización destes encontros empresariais, que a Confederación comezou a poñer en práctica no ano 2002, con gran éxito de participación.

Todos aqueles interesados en **ampliar información sobre o proxecto CEOTOP** poden facelo poñéndose en contacto coa Confederación Empresarial de Ourense (988 39 11 10) ou **visitando a páxina www.ceo.es**.

Publicidade

www.ingafor.com

El principal motor que impulsa a InGaFor es ofrecer a la empresa de hoy los mejores medios técnicos y humanos para garantizar la formación de todos los profesionales que la componen, desde los cuadros directivos hasta los equipos técnicos, en la firme creencia de que dichos conocimientos suponen hoy por hoy el elemento diferenciador que permite a algunas empresas ocupar los puestos de liderazgo en el complicado tejido empresarial.



Infórmese ahora de las nuevas convocatorias y ayudas para la formación en 2006



InGaFor